



CONCELLO DE  
**VIANA DO BOLO**  
Concellería de Servizos Sociais e Igualdade

Un ano máis, o Concello de Viana do Bolo conmemora o Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller, renovando o seu compromiso e esforzo á hora de apoiar e promover medidas que promovan, por un lado, a igualdade real entre homes e mulleres e, polo outro, a eliminación da violencia machista en todas as súas formas e manifestacións.

Cando se cumpren 21 anos da aprobación, por parte da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, do 25 de novembro como o Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra Mulleres, dende a Concellería de Servizos Sociais e Igualdade e o Centro de Información á Muller (CIM), tratamos de reforzar as accións encamiñadas a sensibilizar ao conxunto da veciñanza sobre a realidade da violencia de xénero, para previr situacións da vida local que poidan promovela e xustificala, para continuar o avance cara a unha sociedade libre dela

Neste ano 2020, Concello de Viana organiza unha campaña durante este mes de novembro ao redor do lema "25N: ANTE A VIOLENCIA NON TAPES A BOCA", co que queremos visibilizar a magnitude deste problema que afecta ás mulleres, pero tamén ás/aos fillas/os, ás familias e a sociedade en xeral. A campaña, que este ano se trasladará dun xeito moi importante ás Redes Sociais, xira en torno a unha idea fundamental: **a importancia da implicación de toda a veciñanza na loita contra esta lacra.**

Por iso, dende a Concellería de Igualdade e o CIM facémosvos chegar diverso material co deseño da campaña (folletos, máscaras, etc.), co fin de buscar a vosa colaboración e implicación na difusión da mesma.

Por último, desexamos que as limitacións propias destes tempos complicados que estamos a vivir non nos impidan levar a cabo actos e actividades que poñan o foco na magnitude dun problema que se leva cobrado no noso país máis de 1000 vítimas dende que existen rexistros oficiais.

Agradecemos de antemán a vosa colaboración e convidámosvos a participar nos actos e actividades da nosa campaña.

  
O Alcalde  
Abelardo Carballo Alonso

A Concelleira de Servizo Sociais e Igualdade

  
Ramona García Méndez